



REGULAMENTO II MIÑO RADIKAL

Un dos obxectivos do Consello Municipal de Deportes de Ourense é organizar manifestacións deportivas no municipio, especialmente as de carácter popular. O día **13 de marzo de 2016** o CMD organiza unha proba de carácter lúdico – festivo – competitivo denominada II MIÑO RADIKAL.

1. DATA E LUGAR

O día 13 de marzo de 2016 ás 12h con saída e meta no Parque da Ponte ao lado do río Miño.

2. PERCORRIDO

A proba disputarase a pé polas beiras do río Miño, un enclave de extraordinaria beleza paisaxística. Trátase dun percorrido circular con saída nas inmediacións da Ponte Romana (parque da Ponte) ata a Pasarela de Outariz e volta ata a Pasarela de Oira para chegar de novo á meta na Ponte Romana.

O circuíto mide 12.700m no que haberá varios obstáculos (neumáticos, telas de araña de cordas, tubos, paredes, trincherras...) que obrigatoriamente hai que superar.

O tempo máximo para completar o percorrido é de 2 horas.

O avituallamento estará situado no parque Maimón e na meta.

3. PARTICIPANTES

Esta carreira está reservada para todas as persoas **maiores de 18 anos**, cumpridos antes do día da proba, e que estean inscritos correctamente.

O sistema de saída será por tandas e a clasificación será por tempo neto. Establécense inicialmente 5 tandas de 150 persoas que tomarán a saída cada 15 minutos. No momento de facer a inscrición cadaquén escollerá a tanda na que desexa participar.

Horario das tandas:

TANDA 1	TANDA 2	TANDA 3	TANDA 4	TANDA 5
12:00h	12:15h	12:30h	12:45h	13:00h

Recoméndase aos participantes utilizar roupa deportiva: calzado apropiado, mallas largas e camiseta de manga larga.

Deberán atender en todo momento as indicacións da Organización.

4. INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse na páxina web [www.deportesourense.com] facendo constar todos os datos requiridos no procedemento de inscrición.



Prazo de inscrición	Recollida de chip/distintivo
do 15/02/2016 ao 1/03/2016	10, 11 e 12/03/2016 recollida anticipada no punto seleccionado
do 15/02/2016 ao 8/03/2016	12/03/2016 recollida presencial no Pavillón dos Remedios de 10h a 20h

Non se entregarán chips nin distintivos o domingo da carreira.

A **cota de inscrición** será de 7€. En caso de non ter chip en propiedade haberá que sumarlle 2€ ao prezo indicado polo aluguer do chip e ao remate da carreira é imprescindible devolvelo. Unha vez realizada a inscrición non se devolverá o seu importe.

As persoas que desexen adquirir o chip, para usalo en todas as carreiras controladas por Championship, poderán facelo por un importe de 15€.

A Organización non se fai responsable das consecuencias que se deriven dunha inscrición defectuosa e/ou errónea por parte do corredor ou en quen delegue.

É imprescindible estar inscrito para ter cobertura dos seguros de RC e de accidentes.

O control das inscricións, distintivos, chips, resultados e secretaría será realizado por procedementos automatizados. Gravarase a chegada para solventar calquera reclamación.

Todos os participantes coa súa inscrición aceptan integramente o presente regulamento e autorizan á Organización para poder facer uso das imaxes do evento.

É obrigatorio levar o chip na zapatilla e o distintivo á vista para estar identificado.

5. CLASIFICACIÓN E PREMIOS

Haberá 2 modalidades:

- Clasificación **Xeral Individual** por tempo neto: masculina e feminina.
 - 1º/1ª clasificado/a: Trofeo e 200€ en material deportivo.
 - 2º/2ª clasificado/a: Trofeo e 150€ en material deportivo.
 - 3º/3ª clasificado/a: Trofeo e 100€ en material deportivo.
- Clasificación **Equipos Mixtos**: grupos de 4 integrantes nos que haxa representación de ambos sexos. Sumaranse os tempos netos dos 4 integrantes e gañará o que menos tempo total sume.
 - Trofeos ó 1º, 2º e 3º

Un corredor non poderá inscribirse en máis dun equipo.

Os integrantes dos equipos tamén optan á Clasificación Xeral Individual e non precisan participar xuntos na mesma tanda.

A **entrega de trofeos** terá lugar no Parque da Ponte ás 14h, en función de criterios organizativos.



Todos os trofeos que non se recollan o día da proba estarán a disposición dos corredores na sede do organizador ata 8 días despois da celebración da Miño Radikal. A partir desa data enténdese que se renuncia a eles.

6. RESPONSABILIDADE

É imprescindible estar inscrito para ter cobertura dos seguros de RC e de accidentes. Os centros médicos concertados son: **Centro Médico El Carmen** e **SEMECOR**.

Todos os inscritos participan voluntariamente baixo a súa responsabilidade e admiten gozar dun nivel de condición física suficiente para afrontar esta carreira.

A Organización:

- Advirte de que a proba é dura e implica riscos inherentes á presenza de obstáculos naturais ou artificiais.
- Responsabilízase dos **accidentes** que se rexistren dentro do percorrido, pero declina toda responsabilidade en caso de padecemento latente, accidente por abandono do itinerario establecido ou negligencia do participante.
- Non se fai responsable dos obxectos de cada participante, pero disporá no Pavillón dos Remedios de taquillas suficientes para quen as precise, tendo en conta que para o seu uso é necesario traer un candado.
- Non se fai responsable dos danos que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta proba.

7. ASISTENCIA

A Organización:

- Contará con servizos médicos a disposición dos corredores e coa colaboración da Policía Local de Ourense e de Protección Civil nos puntos máis estratéxicos do percorrido.
- Porá a disposición de todos os participantes duchas, servizos de aseo, taquillas... etc.
- Recoméndalle aos participantes someterse a un recoñecemento médico previo coa fin de minimizar os riscos que entraña a realización de actividade física.
- Non se fai responsable de quen voluntariamente abandone o percorrido establecido.
- Os participantes están obrigados a auxiliar aos accidentados e avisar á Organización se alguén necesita axuda. Poderán informar de calquera percance nos controis de paso.

8. DESCUALIFICACIÓN

Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos:

- Non seguir a sinalización específica da carreira (marcas, vallas, cintas, camiños) ou as directrices do persoal que intervéñen na Organización, que irá debidamente identificado.
- Non completar todo o circuíto da carreira, non pasar os controis ou non superar os obstáculos.



- Non levar dorsal ou manipulalo.
- Falsificar datos persoais.
- A suplantación de identidade.
- Utilizar vehículos de axuda ou mesmo bicicletas, patíns, carriños de bebé e/ou similares.
- Ir acompañado doutras persoas que non sexan participantes inscritos na proba.
- Cando continuar a participación supoña un risco para a súa propia seguridade, para outros atletas ou para o desenvolvemento da proba.
- Alterar a marcha doutros atletas, condutas antideportivas... vulnerando as elementais normas do “Fair Play”.
- Calquera outra circunstancia non prevista no presente regulamento pero que a Organización considere que é motivo de descualificación.

9. RECLAMACIÓNS

As reclamacións deberán ser feitas na secretaría técnica ata 30 minutos despois da publicación dos resultados. En caso de dúbida na interpretación do regulamento ou dos resultados prevalecerá a opinión e decisión do Comité Disciplinario, que estará composto por:

- Presidente do CMD
- Xerente do CMD
- Coordinadora do CMD
- Responsable da empresa cronometradora.

O presente regulamento pode ser modificado para a súa mellora por parte da Organización.

Divértete e proba o teu límite!



MINI-MIÑO RADIKAL

1.- Este evento está reservado para todos os nenos e nenas ou xoves nados entre os anos 2009 e 1998 que NON TEÑAN CUMPLIDOS OS 18 ANOS.

2.- A carreira terá obstáculos e será estritamente participativa, por tanto, non haberá clasificación nin correrán con chip pero será obrigatorio inscribirse e recoller o distintivo para participar.

3.- Establécense dúas tandas:

Ano de nacemento	Distancia	Hora saída	Percorrido
2009 ata 2005	1.300m	11:00h	1 volta entre Ponte Romana e pasarela do Centro Comercial
2004 ata 1998	3.500m	11.15h	1 volta entre Ponte Romana e Pasarela de Oira

2.- A Organización coordinará o acompañamento dos menores por persoas responsables para indicarlles como hai que pasar os obstáculos pero outros adultos non poderán entorpecer aos pequenos correndo con eles e meténdose polos obstáculos.

3.- A inscrición será gratuita.

4.- O avituallamento estará situado na meta.

9.- Todo o non especificado neste apartado rexerá polo **Regulamento II Miño Radikal**.

Centro de Información da proba:

Consello Municipal de Deportes

Oficinas do Pavillón dos Remedios

C/ Pardo de Cela número 2, 32003 Ourense

Teléfono: 988 370 539

info@deportesourense.com

www.deportesourense.com